

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. De conformidade co artigo 14 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Rexistro Xeral de Protección de Datos será de consulta:**

- A) Privada e gratuíta
- B) Privada previo pagamento da taxa correspondente
- C) Pública e gratuíta
- D) Pública previo pagamento da taxa correspondente

**2. De acordo co artigo 43 da Constitución Española, a organización e tutela da saúde pública compete:**

- A) Aos xuíces e fiscais
- B) Ás organizacións sindicais
- C) Aos poderes públicos
- D) Aos parlamentos autonómicos

**3. De acordo co establecido no artigo 6 da Lei Xeral de Sanidade, as actuacións das administracións públicas sanitarias estarán orientadas:**

- A) Á promoción da saúde
- B) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde
- C) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente
- D) Todas as respostas son correctas

**4. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, ten a consideración de falta disciplinaria grave:**

- A) O descoido no cumprimento das disposicións expresas sobre seguridade e saúde
- B) O incumprimento inxustificado da xornada de traballo que, acumulado, supoña máis de 20 horas ao mes
- C) O acoso sexual, cando supoña agresión ou chantaxe
- D) O abandono do servizo

**5. De conformidade co artigo 13 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o control da constitucionalidade das leis do Parlamento de Galicia corresponde a:**

- A) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- B) Ao Tribunal Constitucional
- C) Ao Tribunal Supremo
- D) Ningunha opción é correcta

**6. Entre os dereitos sanitarios recollidos no Capítulo II do Título I da Lei de Saúde de Galicia atópanse:**

- A) Dereitos relacionados coa integridade e intimidade da persoa
- B) Dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente
- C) Dereitos relacionados coa autonomía de decisión
- D) Todas as respostas son correctas

**7. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, os nomeamentos de persoal estatutario temporal poderán ser:**

- A) De interinidade
- B) De carácter eventual
- C) De substitución
- D) Todas as respostas son correctas

**8. De conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:**

- A) 100 ou máis traballadores
- B) 50 ou máis traballadores
- C) 25 ou máis traballadores
- D) 75 ou máis traballadores

**9. De conformidade co Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal dos seguintes complementos está destinado a retribuir as condicións particulares dalgúns postos de traballo?**

- A) O complemento de destino
- B) O complemento de carreira
- C) O complemento de produtividade
- D) O complemento específico

**10. Segundo o artigo 24 da Lei de Saúde de Galicia, non é unha función do Consello Galego de Saúde:**

- A) Presentar propostas de mellora da atención sanitaria no ámbito autonómico
- B) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno
- C) Elaborar o orzamento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde
- D) Coñecer o Plan de Saúde da Comunidade Autónoma e ser informado da súa avaliación

#### Preguntas de reserva

**1. De acordo co establecido no artigo 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, quen están obrigados ao segredo profesional?**

- A) O responsable do ficheiro
- B) Os que interveñan en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal
- C) Calquera persoa que coñeza datos de carácter persoal
- D) As respostas a) e b) son correctas

**2. A Lei de Saúde de Galicia fai referencia a:**

- A) A atención primaria e hospitalaria
- B) A atención a urxencias e emerxencias
- C) A atención sociosanitaria
- D) Todas as respostas son correctas